

Letras galegas

Mestura de planos

MARÍA NAVARRO

Da querencia pola fantasía popular, probablemente alimentada por experiencias da infancia como el mesmo manifesta, nace *Lu e Go pola muralla*, unha novela publicada recentemente por Edicións Oubreiro e que constitúe en certa medida unha homenaxe a unha das construcións máis significativas da antiga Lucus Augusti, o muro de defensa que rodea o casco histórico da cidade e que se mantén con escasas variacións ata a actualidade.

Ao logo dos dous quilómetros que posúe a muralla, Lu e Go —isto é, un gato negro e un rato branco— pasean polo adarve da muralla romana amosándolle ao lector a riqueza espiritual e arquitectónica que esta posúe. E da mesma forma que a construción é un elemento integrador entre a antiga Lucus e a cidade que se desenvolveu ao seu redor, así se manifesta na novela como fio condutor dunha serie de movementos que realizan animais e outros personaxes e que nos sorprenden polo diálogo entre pasado e presente, realidade e ficción, probabilidade e posibilidade, todo isto aderezado con notas de actualidade que soan a crítica, con referencias a escritores consagrados que propician a intertextualidade e con pingas cómicas que amenizan o paseo.

Os recursos dos que se vale o autor para chegar ao seu público pasan pola inclusión de personaxes que se fan escoitar, pe-

ro que son, en principio, alleos á historia eo que se consegue introducir información real e facer veraz a narración, pola mestura de planos que combinan a fantasía e a maxia ao seu antollo e pola elección dunha prosa áxil e directa que imita falas antigas e non perde de vista nin o carácter lúdico do texto nin os destinatarios a quen vai dirixido.

Despois das preceptivas presentacións dos protagonistas, onde averiguamos o seu carácter aventureiro e da man do narrador comecemos a saber do percorrido que de forma circular establece a Porta Miñá como principio e remate, un comenzo que se mostra fascinante e que preludia múltiples aventuras motivadas polas palabras de Álvaro Cunqueiro acerca dun tesouro agochado dentro das murallas e un final accidentado para Lu e Go, pero que reporta satisfaccións aos animais e ás persoas que seguen o seu deambular polo paseo de ronda.

E así establecendo outro símil entre cidade e texto podemos indicar que da mesma forma que as portas cumpren a función de relacionar diferentes lugares da cidade de Lugo, tamén a muralla, irmánada coa Gran Muralla China de Quinhuaudao, establece algunha sorte de enlace entre a realidade e a ficción da base histórica.



'Lu e Go pola muralla'

ANTONIO REIGOSA

Ed. Alfabeta/Oubreiro
Santiago, 2010
8 euros

Extravagante personaxe

PAULA FERNÁNDEZ

Co título de *Angelica Spracket's Pockets* publicou Quentin Blake (Sidcup, Kent, Inglaterra, 1932) esta conto que agora tira para o galego a editorial Kalandraka e que presenta un personaxe extravagante, sen dúbida o mellor atractivo da obra, que conseguirá estimular a imaxinación dos primeiros lectores e lectoras.

Malia reconecermos un argumento xa recorrente na literatura, e tamén nos filmes, para os máis novos o conxunto resulta moi aceptable pois conxuga o lúdico da lectura cos mecanismos que consideramos imprescindibles nos primeiros achegamentos a eses tales como repeticións, rimas, enumeracións ou xogos coas improvisacións ás veces case que imposibles.

Blake presenta entón unha muller estrafalaria, con respostas e solucións para todo —mesmo para o máis difícil—. Unha muller que semella un disparate continuo caracterizada por vestir un abrigo cheo de petos, nos cales maravillosamente podemos atopar cousas tan dispares, se ben familiares e doadas de recoñecer, como panos, parangas, bañadores,

toallas, patos, monopatinos... mesmo ten un peto onde agacha un elefante, e moitos petos máis que non se nomean pero que levan a quen le a imaxinar que é o que poden conter. Unha muller entrañable que cautiva os lectores, que se senten atraídos pola súa forma de vestir máxica, pola desorde que provoca e rúe o abrigo, que consegue captar a atención dos cativos grazas á estimulación da curiosidade, "que máis haberá neses petos?", "cantos petos terá en total o abrigo?", a captación do seu interese valéndose de sorpresas as máis das veces introducidas por puntos suspensivos, ou cambios de páxina que deixan oracións inacabadas que aumentan o suspense por coñecer que haberá despois, e grazas tamén á escolla cromática para as ilustracións que inciden na idea de recrear un universo imaxinativo onde todo cabe.

A presenza deste tema xamanido é compensado coa mestría de Blake. Unha mestría que lle valeu colaboracións cos máis importantes autores do século XX, entre os cales é imprescindible nomear a Roald Dahl, e recibir recoñecementos e galardóns nos máis prestixiosos certames internacionais, entre eles o Hans Christian Andersen de ilustración.

'Os petos de Loreto'

QUENTIN BLAKE

Ed. Kalandraka
Pontevedra, 2010
15 euros

M. BLANCO RIVAS

'Diccionario de Arte'

Mais alá dun sinxelo glosario de termos artísticos, este primeiro dicionario de arte en galego inclúe termos referidos a conceptos artísticos fundamentais (línea, composición, símbolo, representación, estética, períodos, etapas, movementos, estilos, manifestacións, e xéneros, temas e motivos propios das obras de arte. Ademais das definicións, este dicionario inclúe case un centenar de famosas e varios centos de imaxes que o converte en ferramenta de consulta indispensable, sinxela e de grande utilidade para o alumnado de ensino non universitario.



'Diccionario de Arte'

GREGORIO E

ARMANDO SENDIN

Editorial Xerais
42 euros

'A defensa da Terra'

Desde a Galia dos anos 40, o que se pode englobar coma tensións sociais resultantes das modificacións nas formas de ocupación do solo e das augas, da defensa dos modos de vida e de produción, control sobre os recursos naturais ou defensa da saúde e da paisaxe cultural, ten cuestionado os principios dunha economía moderna que se ampara en contidos noveles de produción e modos de vida incompatibles coa natureza. Este libro analiza o choque entre ambas as dúas posicións ao tempo que propón solucións máis respectuosas coa ecología.



'A defensa da Terra'

VVAA

Escola Popular
Galega
10 euros

'O soño (re)dirixido'

Título que parte dunha frase de Jorge Luis Borges referida ao quefacer literario, *O soño (re)dirixido* constitúe un conxunto de relatos evolucionar humano a través dos vinte relatos que compoñen o volume. Percorre un camiño que conduce de Aberdeen a Lúndi, de Urak a Montecarlo, de Atika a París de Ceta e a raba Lupa, Vitor Vaquerio amosa movementos e situacións que caracterizan toda a súa obra narrativa e poética o tempo e muto, a insistencia despois ineludible no poder, a memoria, imperiosa, a infancia e, por riba de todo, a morte inevitable.



'O soño (re)dirixido'

VÍCTOR VAQUERIO

Editorial Galaxia
18 euros

'Do A ao Z con Cabanillas'

Considerado dentro da literatura galega como o enlace entre o Rexurdimento e a modernidade literaria do século XX, as palabras esenciais e fondas de Ramón Cabanillas, un dos nosos bardos máis polifacéticos, son testemuños da historia e dos soños; falamos dun tempo de mudanzas e de lotta pola identidade e polos dereitos básicos do pobo. Pero tamén lembramos as raíces na aldea e no mar, a posade de Cambados, as lendas artísticas e os grandes temas clásicos. A súa poesía caracterízase pola musicalidade, a melancolía e o preciosismo verbal.



'Do A ao Z con Cabanillas'

RAMÓN CARIDE

Everest Galicia
7,75 euros